



ÍNDICE

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS, EN RÉXIME DE COPRODUCCIÓN, DUN ESPECTÁCULO DE DANZA TRADICIONAL POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

I RÉXIME XERAL DA CONTRATACION

1. RÉXIME XURÍDICO
2. CUALIFICACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN
3. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN
4. RECURSOS
5. XURISDICIÓN

II ELEMENTOS DO CONTRATO

6. OBXECTO DO CONTRATO
7. ORZAMENTO DE LICITACIÓN
8. EXISTENCIA DE CRÉDITO
9. PRAZO DE EXECUCIÓN.
10. CAPACIDADE PARA CONTRATAR
11. CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA

III ADXUDICACION DO CONTRATO

12. FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS
 - 12.1 Forma de presentación
 - 12.2 Lugar e prazo de presentación de proposicións
13. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS
 - 13.1 SOBRE A. Título: Documentación xeral
 - 13.2 SOBRE B. Título: Oferta técnica e proposición económica.

IV PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO CONTRATISTA

14. MESA DE CONTRATACIÓN
15. FASE DE NEGOCIACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN
16. ASPECTOS ECONÓMICOS E TÉCNICOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN
17. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO
 - 17.1 DOCUMENTACIÓN PREVIA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO
 - 17.2 ADXUDICACIÓN
 - 17.3 DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DA GARANTÍA PROVISIONAL



V FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

18. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

VI EXECUCIÓN DO CONTRATO

19. RESPONSABLE DO CONTRATO

20. DIRECCION E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

21. PRESCRIPCIÓNS PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO

21.1 EXECUCIÓN DO CONTRATO E RESPONSABILIDADES DO CONTRATISTA

21.2 OBRIGAS LABORAIS E SOCIAIS

21.3 LICENZAS, AUTORIZACIÓN E IMPOSTOS

21.4 CONTRATOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS

21.5 DEBER DE SIXILO

21.6 GASTOS ESIXIBLES AO CONTRATISTA

22. PRAZOS E PENALIDADES POR MORA

23. CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU INCUMPRIMENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

24. PREZO DO CONTRATO E RÉXIME DE PAGAMENTO

25. PROPIEDAD E EXPLOTACIÓN DOS TRABALLOS

17/9/15

VII CESIÓN E SUBCONTRATAÇÃO

26. CESIÓN

27. SUBCONTRATAÇÃO

VIII MODIFICACIÓN DO CONTRATO

28. MODIFICACIÓN

29. SUSPENSIÓN DO CONTRATO

IX EXTINCIÓN DO CONTRATO

30. CUMPRIMENTO E RECEPCIÓN

31. RESOLUCIÓN

32. PRAZO DE GARANTÍA E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

32.1 Prazo de garantía

32.2 Devolución ou cancelación da garantía definitiva

33. CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

ANEXOS AO PRESENTE PREGO

Anexo I. Modelo de presentación do licitador

Anexo II. Modelo de declaración responsable

Anexo III. Modelo de declaración responsable de cumprir os requisitos de solvencia/clasificación



Anexo IV. Modelo de declaración de compromiso de adscripción de medios

Anexo V. Modelo de proposición económica

Anexo VI. Modelo de designación como confidencial de informacions facilitadas polo licitador

Anexo VII. Modelo de autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma de Galicia e as obrigas coa Seguridade Social

Anexo VIII Modelo de declaración responsable de constitución de UTE



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A
CONTRATAÇÃO, POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS
CULTURAI, EN RÉXIME DE COPRODUCCIÓN, DUN ESPECTÁCULO DE
DANZA TRADICIONAL POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN
PUBLICIDADE**

I RÉXIME XERAL DA CONTRATACION

1. RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato de coprodución dun espectáculo de danza tradicional, de natureza privada (creación e interpretación artística e literaria, ou espectáculos), rexerá en canto á súa preparación e adxudicación polo disposto no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP) e, en tanto non se atopen derogados e en todo o que non contradiga ao TRLCSP, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público, polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLCAP), e polas demais disposicións de igual ou inferior rango que sexan de aplicación, en tanto non se opoñan ao TRLCSP.

Será de aplicación a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública Galega, e a normativa de desenvolvemento das ditas normas.

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

E en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, rexerá polo dereito privado.

Os presentes pregos teñen carácter contractual e inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, a empresa adxudicataria. Así mesmo o presente contrato rexerá polo prego de prescricións técnicas particulares, que regula as características da prestación que é obxecto da contratación, así como a súa execución.

O presente prego de cláusulas administrativas particulares (en adiante PCA), o prego de prescricións técnicas particulares (en adiante PPTP) e demais documentos anexos, revestirán carácter contractual. Os contratos axustaranse ao contido dos citados pregos que se consideran parte integrante do contrato.

O contratista acepta de forma expresa a súa submisión á lexislación e pregos anteriormente citados e á xurisdición contencioso-administrativa respecto das cuestións litixiosas que puidesen derivarse da preparación e adxudicación deste contrato. A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do presente contrato.



O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte del, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole promulgados pola Administración que poidan ter aplicación á execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

O adxudicatario obrigárase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes sobre relacións laborais, seguridade social, protección de datos de carácter persoal e calquera outra de carácter xeral.

2. CUALIFICACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

Para os efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado desta contratación sen incluír o IVE, que deberá soportar a Administración, ascende á cantidade de corenta e un mil trescentos vinte e dous euros con trinta e un céntimos (41.322,31 euros).

Para a adxudicación da presente contratación aplicarase o procedemento negociado sen publicidade con aplicación de aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación establecidos neste PCA, conforme o disposto nos artigos 169, 175 e 178 do TRLCSP, por ser os adecuados para avaliar as características do contrato que se vai realizar.

En consecuencia, solicitaranse ofertas, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que sexa posible.

3. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

Con suxeición ao TRLCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar o contrato por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Os acordos que dite o órgano de contratación, previo informe xurídico dos órganos competentes, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

4. RECURSOS

Contra a resolución do órgano de contratación pola que se adxudique definitivamente o contrato, e que poñerá fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes que comezará a contar o día seguinte ao da súa notificación, ante o mesmo órgano que a dite, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben impugnarse directamente



mediante o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que comezara a contar o día seguinte ao da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, segundo os artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, aplicarase o mencionado réxime de recursos contra os acordos do órgano de contratación, que poñan fin á vía administrativa, que resolvan as cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase ditar e notificar a resolución do recurso no prazo dun mes segundo establece o artigo 117.2 da devandita Lei 30/1992, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, ou, se a resolución do recurso fora expresa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á notificación desta, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Non obstante, os interesados poderán interpoñer, de ser o caso, o recurso administrativo extraordinario de revisión ou calquera outro recurso que estimen procedente conforme a Dereito.

Os defectos de tramitación que afecten a actos distintos dos contemplados no apartado anterior poderán ser postos de manifesto polos interesados á Agadic, para os efectos da súa corrección.


5. XURISDICIÓN

O coñecemento das cuestións litixiosas que puideran derivarse da preparación e adjudicación presente contratación corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa. A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do presente contrato.

II. ELEMENTOS DO CONTRATO

6. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto da presente contratación é a produción, estrea e distribución dun espectáculo de danza tradicional galega, en coprodución coa Agadic, a través do Centro Coreográfico Galego.



Necesidades administrativas que se queren satisfacer: posta en valor, difusión e promoción dun dos sectores da creación coreográfica desenvolta en Galicia, concretamente, da danza tradicional galega, de acordo coas funcións que desenvolve a Agadic no ámbito do fomento da cultura galega e do apoio á creación e innovación cultural.

O contrato efectuarase conforme ás condicións que figuran no presente prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas particulares, os cales revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados polo adxudicatario simultaneamente á sinatura do contrato.

Os pregos, as bases técnicas deste procedemento negociado sen publicidade, cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese pola Administración, estarán á disposición dos licitadores, para o seu exame, na Agadic, durante o prazo de presentación de proposicións, todos os días laborables durante as horas hábiles de oficina.

A proposición deberá conter unha única solución, que se axustará necesariamente á solución técnica definida pola Administración, e cun prazo máximo de execución dos traballos que será o indicado na cláusula 9.

De conformidade co establecido no artigo 147 do TRLCSP **non se admiten variantes** ou alternativas.

7. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

O orzamento máximo de licitación (**incluído o IVE**) autorizado para a presente contratación ascende á cantidade de **cincuenta mil euros (50.000 euros)**, gasto máximo que realizará a Administración en virtude do contrato privado de coprodución quedando limitado o gasto real ao que resulte da selección da proposición máis vantaxosa.

Para todos os efectos entenderase que o orzamento aprobado pola Administración comprende todos os gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución do contrato, así como toda clase de impostos, directos ou indirectos.

Tamén se debe entender comprendido o importe de 8.677,69 € do imposto sobre o valor engadido (IVE), que corresponde a un 21%, como máximo, do orzamento de licitación sen IVE (41.322,31 euros), de conformidade co disposto na lexislación vixente e sempre referido ao tipo vixente na data de subscrición da proposición económica.

O orzamento pagarase con cargo á anualidade seguinte:

- Anualidade 2015: 30.000,00 € (IVE incluído)
- Anualidade 2016: 20.000,00 € (IVE incluído)

A formulación da proposta económica terá carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración e impostos que se deveñan por razón do contrato entendéndose



que inclúen todos os gastos de contratación, formalización e cumprimento do contrato, entre os que a modo enunciativo atópanse: os xerais, financeiros, beneficios, seguros, transportes, montaxe, instalación e posta en marcha de ser necesario, instalacións, retribucións, honorarios e custos sociais de todo o persoal ao seu cargo. Tamén estarán comprendidos os gastos producidos que supoñan o abono, no seu caso, dos dereitos cedidos ás entidades de xestión dos dereitos de propiedade intelectual.

O prezo do contrato será o que resulte da súa adxudicación e incluírá, como partida independente, o IVE.

O *sistema de determinación do prezo* deste contrato consistiu nun tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 302 do TRLCSP.

Na presente contratación non haberá *revisión de prezos*, de conformidade co establecido no artigo 89 do TRLCSP.

A Agadic aportará unha contía máxima de 50.000 € IVE incluído. A entidade coprodutora deberá achegar o resto do custo do orzamento non asumido pola Agadic. A participación da Agadic no financiamento da coprodución será cunha porcentaxe máxima do 85% do orzamento finalmente acordado.

8. EXISTENCIA DE CRÉDITO

Existe o crédito adecuado e suficiente para atender ás obrigas económicas que se deriven da contratación, con cargo ás aplicacións orzamentarias **09.A1.432B.640.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015 e 2016, para financiar as obrigas do contrato, con arreglo á seguinte distribución:


- Anualidade 2015: 30.000,00 € (IVE incluído)
- Anualidade 2016: 20.000,00 € (IVE incluído)

9. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución máximo aceptable pola Administración para a realización da totalidade dos traballos será **desde o día seguinte á sinatura do mesmo ata o 30 de novembro de 2016.**

Establécense prazos parciais para a execución sucesiva das prestacións en que o servizo se descompoña, resultantes da aprobación do programa de traballos e respectando sempre os prazos máximos que se establecen para cada fase no apartado 3 do prego de prescricións técnicas, os cales terán carácter de termo para os efectos de aplicación do disposto nos artigos 212 e 213 do TRLCSP, para o caso de mora no cumprimento.

De conformidade co artigo 213 do TRLCSP, o dito prazo de execución poderá ampliarse cando o contratista non puidera cumprilo por causas que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente.



10. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Están facultadas para contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas ningunha das prohibición de contratar que sinala o artigo 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica financeira e técnica ou profesional ou, nos casos nos que se esixa do TRLCSP se atopen debidamente clasificadas. Os empresarios deberán contar, así mesmo coa habilitación empresarial e profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.

As persoas xurídicas só poderán ser adjudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo os seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios, debendo dispoñer dunha organización con medios persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato, de conformidade co establecido no artigo 57 do TRLCSP.

Non poderán concorrer ás licitacións empresas que participaran na elaboración das especificacións técnicas ou documentos preparatorios do contrato, por si ou mediante unión temporal de empresas, sempre que dita participación poda provocar restricións á libre concorrencia ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto de empresas licitadoras.

Respecto das *empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea* estarase ao disposto nos artigos 58, 65.1, 72.2, 73.2 e 84 do TRLCSP e no artigo 9 do RXLCAP.

Respecto das *empresas estranxeiras non comunitarias*, estarase ao disposto no artigo 55, 59, 72.3 do TRLCSP e no artigo 10 do RXLCAP.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constituían temporalmente para o efecto de conformidade co art. 59 do TRLCSP e no 24 e 52 do RXLAP.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa personalidade, capacidade de obrar e solvencia económica, financeira e técnica, conforme aos artigos 62 e seguintes e 74 do TRLCSP e aos artigos 9 a 16, 24 e 52 do RXLCAP, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta.

Presentarase declaración asinada polos responsables de cada empresa que indique os nomes e circunstancias dos que constituían a unión temporal, a participación de cada un de eles e o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, caso de resultar adjudicatarios, así como nomear un representante ou apoderado único da unión. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.



Non será necesaria a formalización da unión en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

11. CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA

No suposto de que resulte esixible a clasificación do licitador, consonte co establecido no artigo 65.1 e a disposición transitoria cuarta do TRLCSP, será expresada no apartado j) da cláusula 13.1 deste prego.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior e segundo o disposto no artigo 64.2 do TRLCSP, o compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais suficientes para a súa execución, nos termos que establece a cláusula 13.1.i) deste prego, deberá ser achegado en todo caso.

Se non se esixise a clasificación, esixirase aos empresarios unhas condicións mínimas de solvencia económica e financeira e a técnica ou profesional.

III ADXUDICACION DO CONTRATO

12. FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

12.1 Forma de presentación

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas.

Os licitadores que desexen tomar parte nesta licitación presentarán a documentación en **dous sobres** pechados sinalados coas letras **A (documentación xeral) e B (oferta técnica e proposta económica)**, coa documentación descrita no art. 146 do TRLCSP e que se relaciona na cláusula 12 deste prego, respectivamente.

Toda a documentación será presentada e redactada nalgún dos idiomas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución xurada polos servizos competentes ou por notario público que dará fe da tradución.

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais, ou copias debidamente autenticadas ante notario ou compulsadas por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso.

Os sobres presentaranse debidamente pechados, identificados no seu exterior coa indicación de sobre A e B do xeito que indica a cláusula 13 do presente prego.



No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, seguindo a numeración que se especifica nas cláusulas 13.1 e 13.2 do presente prego.

Así mesmo, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 140.1 do TRLCSP, os licitadores deberán indicar a información da oferta presentada considerada confidencial.

Os documentos e os datos presentados polas empresas licitadoras poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos, prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector ou ben estean comprendidos nas prohibicións establecidas na Lei de protección de datos de carácter persoal.

Seguindo o modelo que aparece como anexo VI ao presente prego, as empresas deberán especificar expresamente qué documentación e qué información, ao seu parecer, consideran que ten carácter confidencial e os motivos ou as circunstancias sobre a base dos cales debe recoñecerse ese carácter. Esta circunstancia deberá, ademais, reflectirse claramente (sobreimprimida, á marxe ou de calquera outra forma) no propio documento sinalado como tal.


Será improcedente que un licitador efectúe unha declaración xenérica ou declarar que todos os documentos ou toda a información teñen carácter confidencial e, en caso de que se produza, corresponderalle ao órgano de contratación determinar aquela documentación que, en particular, non afecta aos segredos técnicos ou comerciais ou non se corresponde con aspectos confidenciais, sendo necesario que se xustifique debidamente no expediente.

12.2 Lugar e prazo de presentación de proposicións

Os sobres A e B deberán ser entregados no Rexistro da Agadic, sito na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n, 15707, Santiago de Compostela, dentro do prazo e a hora de admisión sinalados na invitación cursada pola Administración, dirixidos á Dirección da Agadic.

A documentación tamén poderá ser enviada por correo dentro do prazo de admisión sinalado na invitación. Neste caso, o licitador deberá xustificar a data e a hora de imposición do envío na oficina de Correos e anunciarlle ao órgano de contratación, nese mesmo día, a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax (881 996 080). Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e á hora de terminación do prazo. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

O non cumprimento do lugar, o prazo e a hora da presentación de documentación será causa de exclusión.



13. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

13.1 SOBRE A. Título: Documentación xeral

Na cuberta do sobre A “Documentación Xeral”, consignaranse en forma e lugar ben visibles os seguintes datos:

Rexistro Xeral da Xunta de Galicia							
Destinatario: Dirección-Agadic.							
SOBRE A							
DOCUMENTACIÓN XERAL							
Identificación		da				licitación:	

Nome	completo	e	siglas,	no	seu	caso,	do
licitador: _____							
NIF: _____							
Enderezo: _____							

Teléfono: _____		Fax: _____		Correo electrónico:			

Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia núm.							

Nome e apelidos do/s representante/s _____							
Data e lugar _____							
Sinaturas							

Nas **unións de empresarios** a documentación xeral deberá ser achegada por todos e cada un dos seus membros.

Este sobre A conterá os seguintes documentos orixinais ou copias debidamente autenticadas ante notario ou compulsadas por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso:

- a) Presentación do ofertante segundo o modelo que se achega como **anexo I** deste prego
- b) Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre
- c) Declaración responsable, segundo o modelo que se achega como **anexo II** e subscrita pola persoa que asine a proposición, de que a empresa cumpre as



condicións que establecen os artigos 57 a 59 do TRLCSP sobre a **personalidade e a capacidade de obrar**.

Sen prexuízo da obriga dos licitadores de presentar a dita declaración responsable, esixiráselle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que achegue a documentación que acredite o cumprimento das condicións esixidas, nos termos que establece a cláusula 17.1.

- a) Declaración responsable, segundo o modelo que se achega como **anexo II** e subscripción pola persoa que asine a proposición, de que a persoa que asina a oferta ten poder bastante e suficiente de **representación**.

Sen prexuízo da obriga dos licitadores de presentar a dita declaración responsable, esixiráselle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que achegue a documentación que acredite o cumprimento das condicións esixidas, nos termos que establece a cláusula 17.1.

- e) Declaración responsable, segundo o modelo que se achega como **anexo II** e subscripción pola persoa que asine a proposición, de non estar incurso en **prohibición de contratar**, de conformidade co disposto no artigo 60 do TRLCSP.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ao Estado, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ao corrente no pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE) e de atoparse ao día no cumprimento das obrigas da Seguridade Social.

Sen prexuízo da obriga dos licitadores de presentar a dita declaración responsable, esixiráselle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que achegue a documentación que acredite o cumprimento das condicións esixidas, nos termos que establece a cláusula 17.1.

- f) **Garantía provisional**

Non se esixe

- g) **Declaración responsable, segundo o modelo que se achega como anexo III e subscripción pola persoa que asine a proposición, de que a empresa cumpre algún dos seguintes requisitos esixidos como solvencia económica:**

- Declaración de que o licitador ten subscrito un seguro de indemnización por riscos profesionais por un capital equivalente ou superior ao orzamento base de licitación do contrato.
- Declaración de que o licitador ten un volume global de negocios, referido ao conxunto dos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, igual ou superior ao orzamento base de licitación do contrato.
- Declaración de que o licitador conte cunha declaración axeitada dunha entidade financeira que se pronuncie expresamente sobre a súa solvencia económica para a realización do obxecto contractual.

Sen prexuízo da obriga dos licitadores de presentar a dita declaración responsable, esixiráselle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que



achegue a documentación que acredite o cumprimento das condicións esixidas, nos termos que establece a cláusula 17.1.

- h) Declaración responsable (segundo o modelo que se achega como **anexo III**), subscrita pola persoa que asine a proposición, de que a empresa cumpre cos seguintes requisitos esixidos como **solvencia técnica**:
- Declaración de que a empresa ten realizado **un (1) traballo** análogo ao obxecto de licitación (producción e/ou distribución de espectáculos de danza), no curso dos **tres (3) últimos anos**.

O citado período de 3 anos abranguerá:

- Respecto do ano 2012, dende o día equivalente ao seguinte ao de finalización do prazo de presentación das proposicións e ata o 31.12.2012.
- Os anos 2013 e 2014 completos.
- Do ano 2015, o período transcorrido ata o día de finalización do prazo de presentación das proposicións.

Sen prexuízo da obriga dos licitadores de presentar a dita declaración responsable, esixiráselle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que achegue a documentación que acredite o cumprimento das condicións esixidas, nos termos que establece a cláusula 17.1.

En virtude do artigo 63 do TRLCSP, para acreditar a solvencia necesaria o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con elas, sempre que demostren que, para a execución do contrato, dispoñen efectivamente deses medios.

- i) **Compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais suficientes para a súa execución**

De acordo co previsto no artigo 64 do TRLCSP, á marxe de acreditar a solvencia técnica requirida na cláusula anterior (ou da clasificación requirida na cláusula seguinte) os licitadores deberán presentar un compromiso no que declaren que a empresa conta, e se compromete a adscribir á execución do contrato para levala a cabo adecuadamente, cos medios mínimos persoais e materiais que se requiren neste apartado para unha correcta execución do contrato.

O compromiso chegarase segundo o modelo que figura como anexo IV ao presente prego. Sen prexuízo da obriga dos licitadores de presentar a dita declaración responsable, esixiráselle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que achegue a documentación que acredite o cumprimento das condicións esixidas, nos termos que establece a cláusula 17.1.

Neste sobre A, as empresas licitadoras deberán facer referencia unicamente aos datos relativos aos mínimos esixidos. A información sobre a totalidade do equipo de traballo e dos medios materiais que considere idóneos para executar os traballos forma parte da súa oferta técnica e deberá incluíla dentro do sobre



B, respectando sempre os medios mínimos declarados no sobre A./O incumprimento desta condición por parte dunha proposición poderá dar lugar á súa exclusión automática do procedemento de adjudicación.

Os valores indicados deben tomarse coma referencias mínimas para a execución do contrato e terán o carácter de obrigas contractuais esenciais.

➤ Mínimo de medios humanos

Perfil	1 persoa na dirección artística
Requisitos	Sen titulación específica. Ter dirixido un (1) traballo análogo nos tres (3) últimos anos. Consideraranse traballos análogos os de dirección artística de espectáculos de artes escénicas

Perfil	1 persoa no equipo técnico
Requisitos	Sen titulación específica. Ter realizado un (1) traballo análogo nos tres (3) últimos anos.

Perfil	1 persoa no equipo de apoio para a execución de traballos
Requisitos	Sen titulación específica. Os traballos de apoio terán relación directa co ámbito da contratación licitada.

Perfil	4 intérpretes
Requisitos	Sen titulación específica. Ter realizado un (1) traballo análogo en montaxes profesionais de artes escénicas e musicais nos (3) últimos anos

j) **Clasificación**

Non se esixe clasificación.

k) **Unións de empresarios**

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto de conformidade co art. 59 do TRLCSP.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia económica, financeira e técnica, conforme aos



artigos 62 e seguintes e 74 do TRLCSP e aos artigos 9 a 16 do RXLCAP, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta.

Presentarase declaración que indique os nomes e circunstancias dos que constitúan a unión temporal, a participación de cada un deles e o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, no caso de resultar adxudicatarios, así como nomear un representante ou apoderado único da unión. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

Non será necesaria a formalización da unión en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

l) Rexistros de licitadores/contratistas

Os licitadores que acrediten circunstancias de personalidade xurídica, representación, clasificación ou solvencia mediante unha certificación do Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, ou mediante un certificado comunitario de clasificación, deberán presentar a correspondente certificación expedida polo rexistro correspondente, así como unha declaración responsable asinada polo licitador na que manifieste que as circunstancias que figuran no correspondente certificado non experimentaron variación, de conformidade co modelo que se achega como anexo II a este prego.

Respecto dos licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG núm. 200 do 16.10.2001), a correspondente certificación de inscrición será incorporada de oficio ao procedemento polo órgano de contratación, debendo presentar a declaración responsable á que se fai referencia neste apartado.

Os licitadores inscritos no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia así como os que presenten un certificado comunitario ou documento similar de inscrición de conformidade co art. 84 do TRLCSP, están exentos de presentar, no caso de se lle requirir, a documentación que obre no rexistro e que, no seu caso, estea vixente, pero non quedarán exentos de presentar a documentación relativa á garantía provisional e á solvencia económica e financeira, á solvencia técnica e compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais suficientes para a súa execución.

Cando un licitador desexe facer valer a súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos previstos, deberá expoñelo de forma fidedigna no exterior do sobre de documentación xeral, indicando o núm. de rexistro asignado.

m) Xurisdición

As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlle ao licitador.



n) **Empresas vinculadas**

Todas as empresas licitadoras, pertencen ou non a un grupo empresarial, entendendo por tal aquelas que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio ou sociedades nas que concorran algún destes supostos, deberán presentar unha declaración xurada na cal se faga constar a dita circunstancia, así como o suposto do mencionado artigo no que se encontren incursas, para os efectos do disposto no artigo 145.4 parágrafo segundo do TRLCSP e 86 do RXLCAP, segundo o modelo que se achega como anexo II.

o) **Documentación para o caso de desempate**

Para os efectos establecidos na cláusula 16 deste prego, os licitadores achegarán os seguintes documentos para acreditar, no seu caso, a pertenza ao cadro de persoal da empresa dun número de traballadores con discapacidade superior ao 2 por 100:

- . Declaración responsable do número de traballadores fixos discapacitados e porcentaxe que estes representan sobre o total do equipo de persoal.
- . Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.
- . Relación dos traballadores fixos discapacitados acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.
- . Contrato de traballo dos traballadores fixos discapacitados.

Ademais, poderán xuntar a acreditación da implantación do Plan de igualdade ou da obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade regulados nos artigos 11.4 e 19.3 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e nos artigos 11 e 22 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

13.2 SOBRE B. Título: Oferta técnica e proposición económica.

Na cuberta do sobre B “Oferta técnica e económica” consignaranse en forma e lugar ben visibles os seguintes datos:

Rexistro Xeral da Xunta de Galicia							
Destinatario: Dirección-Agadic							
SOBRE B							
Oferta técnica e económica							
Identificación				da		licitación:	
_____ Nome completo e siglas, no seu caso, do							



licitador: _____

NIF: _____

Enderezo: _____

Teléfono: _____ Fax: _____ Correo electrónico: _____

Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia núm.

Nome e apelidos do/s representante/s _____

Data e lugar _____

Sinaturas

179/15


Os licitadores incluírán neste sobre, de acordo co establecido no artigo 150.2 do TRLCSP, a documentación na que figuren as características da oferta do licitador e que acredite e xustifique o cumprimento das condicións materiais que figuran no prego de prescricións técnicas, en especial aquela relacionada cos aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación establecidos na cláusula 16 do presente prego.

A documentación deberá estar perfectamente clasificada por apartados e seguindo a seguinte estrutura, e a oferta económica será presentada de forma independente ao resto da documentación:

Oferta técnica

O participante deberá presentar unha memoria, onde se detallen as propostas artísticas da montaxe e produción do espectáculo, e en concreto, como mínimo, o seguinte:

1. Título e autor do espectáculo.
2. Coreografía e resumo teórico práctico do espectáculo e aproximación á base desta convocatoria.
3. Ficha artística e técnica, con referencias curriculares.
4. Plans e calendarios de produción, ensaios e estrea.
5. Plan de distribución (que deberá de incluír, polo menos, 6 representacións incluída a estrea) e unha previsión aproximada do cachet por función en xira.
6. Autorización expresa dos autores da dirección coreográfica, da dramaturxia, da composición ou selección musical, do deseño de vestiario, da escenografía, da iluminación e calquera outro signo artístico a empregar do que se derive ou puidera requirir autorización. Os dereitos de autor que puideran corresponder por estes motivos serán expresados no orzamento total da produción.
7. Plan de comunicación e publicidade.



8. Medios técnicos e materiais que a empresa se compromete a achegar.
9. Calquera outra información que o licitador estime oportuna para facer máis comprensiva a súa oferta e acreditar a calidade dos servizos ofertados.

Proposición económica

A oferta económica deberá axustarse ao modelo oficial que figura como **anexo V** deste prego, debidamente asinada e datada.

A dita oferta económica deberá ser presentada de xeito independente da documentación das referencias técnicas e como primeiro documento do sobre.

Na oferta económica deberá indicarse, no seu caso, como partida independente, o importe do imposto sobre o valor engadido que deba ser repercutido.

Na oferta económica entenderanse incluídos para todos os efectos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario, como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas nos pregos e no contrato.

Cada licitador presentará unha soa proposición e non poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros, se o fixo individualmente ou figura en máis dunha agrupación temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

A oferta presentarse sen omisións, erros ou borranchos que dificulten coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocará o rexeitamento da proposta. Serán inadmisibles, así mesmo, as ofertas nas que exista contradición entre a cantidade expresada en número e letra ou nas que conorra algunha das circunstancias previstas no art. 84 do RXLCAP.

IV PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO CONTRATISTA

14. MESA DE CONTRATACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 320 do TRLCSP, para este procedemento negociado non se constituirá mesa de contratación.

O órgano de contratación designará, entre o persoal dependente da Agadic, á persoa ou persoas que estime oportuno para que procedan á apertura e exame da documentación xeral e os técnicos responsables da análise das ofertas presentadas.

15. FASE DE NEGOCIACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Logo de rematar o prazo de presentación das ofertas, o órgano de contratación procederá ao exame da documentación xeral presentada en tempo e forma, en función dos requisitos esixidos. Se o órgano de contratación observase defectos ou omisións



emendables, ou necesitase aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou a achega doutros complementarios, para os efectos previstos nos artigos 72 ao 82 do TRLCSP, poderá conceder para iso un prazo non superior a tres (3) días hábiles. Para estes efectos comunicáraselles aos interesados vía fax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

O órgano encargado da negociación será a comisión negociadora composta por:

- . A coordinadora do Departamento de Xestión da Agadic
- . A coordinadora do Departamento de Producción Coreográfica da Agadic
- . A responsable do Servizo Xurídico da Agadic
- . Un traballador/a adscrito ao Departamento de Xestión da Agadic que actuará como secretario/a

O dito órgano procederá da seguinte forma:

- Preparará un informe inicial de valoración no que analicen as proposicións económicas e técnicas presentadas en relación cos criterios de adxudicación e se expresen as características e vantaxes de cada unha delas.

O informe inicial realizarase de tal forma que non recolla información facilitada polos empresarios que estes designasen como confidencial e, en particular, segredos técnicos ou comerciais (ver apartado 12.1 do presente prego).

Non se convidarán a negociar as empresas que formulasen proposicións que incumpran as prescricións do prego non susceptibles de negociación.

- A fase de negociación terá por obxectivo intentar lograr a mellora das proposicións, de acordo cos aspectos obxecto de negociación precisados na cláusula 16 deste prego e desenvolverase da seguinte forma:
- O órgano negociador convidará os licitadores por escrito, fax ou correo electrónico a negociar, indicando os aspectos obxecto de negociación recollidos no presente prego e pondo no seu coñecemento as características e vantaxes da súa proposición e do resto das proposicións presentadas de acordo co informe inicial antes citado.

Nesta comunicación non se identificarán os empresarios que presentaron o resto das proposicións.

As invitacións enviaranse por escrito ao enderezo, fax ou correo electrónico que indiquen os licitadores no anexo I deste prego.

- Os licitadores poderán entón presentar nun prazo de 3 días a súa contestación, por escrito en sobre pechado dirixido ao órgano encargado da negociación, no Rexistro da Agadic, sito na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n, 15707, Santiago de Compostela.
- A contestación do licitador poderá reformular ou mellorar os termos da súa oferta inicial ou indicar que se mantén nos termos orixinais.
- As novas ofertas que presenten os licitadores deberán estar sempre orientadas globalmente á mellora das súas condicións iniciais.



- As novas ofertas deberán sempre concretar a mellora que ofrecen os licitadores, polo que non se admitirá o ofrecemento xeral de igualar os termos da oferta máis vantaxosa doutro licitador no criterio ou criterios considerados.

No procedemento darase un trato igual a todos os licitadores e non se facilitará, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ao resto. En particular, non se lles poderá revelar aos demais participantes as solucións propostas por un participante ou outros datos confidenciais que este lles comunique sen acordo previo dese participante.

No expediente deberase deixar constancia documental desta fase de negociación e, en particular, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

Unha vez efectuadas as actuacións anteriores, o órgano encargado da negociación declarará concluída a fase de negociación e daralle traslado ao órgano de contratación dos resultados desta, xunto co expediente correspondente á fase de negociación e un informe técnico coa valoración das ofertas presentadas de acordo cos criterios de adxudicación sinalados na cláusula 16 deste prego.

En particular, daráselle traslado ao órgano de contratación das proposicións presentadas que incumprisen as prescricións do prego non susceptibles de negociación, para os efectos de que este acorde a súa exclusión.

O órgano de contratación valorará as proposicións dos licitadores. Para este efecto, poderá pedir os informes técnicos que considere precisos e procederá de acordo co establecido para a adxudicación do contrato no artigo 151 do TRLCSP.

En todo caso o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá requirir, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen a documentación que acredita que cumpren as condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

O órgano de contratación tamén será a encargado de cualificar a documentación acreditativa das condicións esixidas para contratar coa Administración que, conforme cos artigos 146.1 e 151.2 do TRLCS, se lle requirirá ao licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación (ver cláusula 17 deste prego).

16. ASPECTOS ECONÓMICOS E TÉCNICOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN

O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación que a continuación se especifican. Os licitadores deberán acreditar a situación das súas ofertas respecto de cada aspecto polos medios que para cada caso indique o órgano de contratación, para os efectos de asignarlle a puntuación resultante:

1- Calidade e interese do proxecto artístico (ata un máximo de 50 puntos):



- a. Calidade artística do proxecto (ata un máximo de 25 puntos): valoración atendendo a aspectos como obxectivos, calidade contribución e idoneidade, coherencia entre os contidos e obxectivos do proxecto, valoración da danza escénica galega, en particular da danza tradicional galega e da cultura galega en calquera das súas manifestacións; achega ao desenvolvemento e á renovación das artes escénicas de Galicia; utilización doutros elementos escénicos como a dramaturxia, ademais de compaxinar a danza con outras artes escénicas.
- b. Autor (ata un máximo de 5 puntos):
- Obra orixinal de autor galego vivo con traxectoria contrastada na creación coreográfica, con obra estreada ou premiada: 5 puntos
 - Outros: 1 punto
- c. Plan de produción (ata un máximo de 5 puntos), outorgados de xeito proporcional.
- d. Plan de distribución (ata un máximo de 10 puntos): 1 puntos por cada función prevista a maiores do número mínimo de representacións do espectáculo coproducido que se fixa en 6 (5 funcións preceptivas máis a da estrea).
- e. Aspectos formativos (ata un máximo de 2 puntos), outorgados de xeito proporcional.
- f. Labor de promoción da danza tradicional galega (ata un máximo de 3 puntos), outorgados de xeito proporcional, tendo en conta o investimento en medios de comunicación, cartelería, páxina web específica do proxecto, folletos, vídeos e aquelas accións promocionais que fagan máis visible a nova produción.

2. Traxectoria profesional e solvencia dos integrantes do equipo artístico (ata un máximo de 15 puntos)

a. Traxectoria artística da dirección artística – coreógrafo/a - (ata un máximo de 5 puntos)

- 0.50 puntos pola titulación oficial de danza e outras artes escénicas e musicais.



– 0,25 puntos por outras titulacións oficiais relacionadas coas artes escénicas e musicais.

– 0,25 puntos por cada premio á dirección coreográfica

– 0,25 puntos por cada montaxe profesional (non se computará o mínimo esixido como solvencia)

Cando a dirección do espectáculo sexa compartida, terase en conta a puntuación do director ou directora con máis puntuación global.

b. Traxectoria profesional do equipo artístico (máximo 10 puntos)

– 0.50 puntos pola titulación oficial de artes escénicas e musicais

– 0,25 puntos por outras titulacións oficiais relacionadas coas artes escénicas e musicais

– 0,25 puntos por cada premio de artes escénicas e musicais presentado de forma individual


– 0,25 puntos por cada montaxe profesional de artes escénicas e musicais

A puntuación global calcularase mediante a suma das puntuacións parciais dos artistas que aparezan en escena (bailaríns/as, músicos, etc.).- Non entra na valoración o resto do equipo participante na produción (deseños de luz, son, vestuario, espazo escénico...).

3. Valoración económica e comercial do proxecto (ata un máximo de 35 puntos)

- a. Viabilidade técnica e económica do proxecto proposto tendo en conta especialmente o orzamento, os recursos empresariais implicados e a adecuación do proxecto e do orzamento aos obxectivos que se perseguen: ata 20 puntos, outorgados de xeito proporcional.
- b. Número de intérpretes (ata un máximo de 15 puntos), que participarán no espectáculo, conforme ao baremo seguinte:

- 5: 5 puntos
- 6: 7 puntos
- 7: 9 puntos
- 8: 11 puntos



- 9: 13 puntos
- 10 ou máis: 15 puntos

Criterios de desempate

No caso de igualdade entre dous ou máis proposicións, dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2%.

No caso de que varias empresas se atopen nas circunstancias expresadas no apartado anterior, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.

De persistir o empate, este desfarase outorgándolle o contrato a aquel licitador que acredite a certificación da implantación dun Plan de igualdade conforme ao establecido no artigo 11 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

De continuar o empate, outorgarase o contrato ao licitador que acredite a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade conforme o artigo 22 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

Presunción de ofertas económicas desproporcionadas ou anormais.

Para os efectos do disposto no artigo 152 do TRLCSP, terán a consideración de **ofertas desproporcionadas ou anormais** as proposicións económicas nas que a súa porcentaxe de baixa exceda en 10 puntos porcentuais, cando menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións admitidas. En tales supostos estarase ao disposto no artigo 152 do TRLCSP.

A declaración de que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de resultar desproporcionada ou anormal requirirá a previa solicitude de información a todos os licitadores supostamente comprendidos nela, así como o asesoramento técnico do servizo correspondente.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orde na que foron clasificadas.



17. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

17.1 DOCUMENTACIÓN PREVIA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles (5 días hábiles no caso de tramitación urxente do expediente) contados desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación que se relaciona nesta cláusula.

De non cumprir co requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Se o licitador presenta a documentación requirida no prazo sinalado pero esta se atopa incompleta ou con defectos emendables, o órgano de contratación poderá concederlle un prazo non superior a tres (3) días hábiles para a súa emenda. Se o licitador non emenda ou o fai fóra de prazo, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

a) A documentación que acredite a **personalidade** do licitador:

- . Para os **empresarios individuais** será obrigatoria a presentación de copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, do documento nacional de identidade (ou o que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente), da persoa titular ou propietaria da empresa, así como a documentación acreditativa da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato.
- . Se a empresa fose **persoa xurídica española**, será obrigatoria a presentación de copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, do número de identificación fiscal (NIF) e da escritura de constitución ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.
- . Cando sexa esixible para a realización da actividade ou a prestación que constituía o obxecto do contrato unha determinada habilitación empresarial, acompañarase copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, do certificado que acredita as condicións de aptitude profesional.
- . A personalidade dos **empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo** acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación



do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou presentación das certificacións do Anexo I de RXLCA (anexos IX B e C da Directiva 2004/18) en función dos diferentes contratos. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel os traballos de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

A capacidade das **empresas estranxeiras de estados non membros da Unión Europea** acreditarase mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no lugar de domicilio da empresa, no que se faga constar, logo da acreditación da empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 do TRLCSP en forma substancialmente análoga.

Será necesario, ademais, que demostren ter aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes e inscritas no Rexistro Mercantil.

b) A documentación que acredite as **facultades de representación**:

- Os que **comparezan e asinen a proposición no nome doutro** deberán presentar copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, do DNI, do apoderado/s, ou do documento que regulamentariamente o substitúa.
- Se o licitador fose un **empresario individual** achegará copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa a favor de quen subscribe a solicitude no seu nome.
- Se o licitador fose unha **persoa xurídica**, achegará copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, da escritura de constitución da sociedade ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil con aqueles particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente deles, presentarase ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil, ou no seu caso no Rexistro público que corresponda.
- Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, achegará unha declaración da suficiencia do correspondente poder de representación (bastanteo de poder), dilixenciado por **letrado da Asesoría**



Xurídica da Xunta de Galicia, nos termos establecidos no artigo 30 do Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, no que conste que o poder de representación outorgado ao seu favor é declarado bastante.

c) A documentación que acredite que a empresa se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas **tributarias** fronte ao Estado, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ao corrente no pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE) e de atoparse ao día no cumprimento das obrigas da **Seguridade Social**:

- . Certificación positiva expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social correspondente, acreditativa de que a empresa se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, entendendo por tales as previstas nos artigos 14 e 15 do RXLCAP.
- . Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) que acredita que o licitador se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, entendendo por tales as recollidas nos artigos 13 e 15 do RXLCAP.
- . Certificación positiva expedida polo órgano competente da Consellería de Facenda (Xunta de Galicia) na que se teña constancia que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa facenda pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- . Orixinal ou copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, do impreso de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou do último recibo completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no citado imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da administración competente, ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000,00 €), respecto dos suxeitos pasivos enunciados na letra c) do artigo 82.1 da citada norma legal.

d) A documentación que acredite o cumprimento da **solvencia económica** esixida e que foi declarada de xeito responsable:

- . Declaracións axeitadas de entidades financeiras que se pronuncien expresamente sobre a súa solvencia económica para a realización do obxecto contractual (deberá constar o título do contrato).
- . Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.



- Declaración asinada sobre o volume anual de negocios referido aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario.

Segundo establece o artigo 75.2 do TRLCSP, se por unha razón xustificada o empresario non está en condicións de presentar as referencias solicitadas, autorizaráselle a demostrar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que se considere apropiado polo órgano de contratación.

- e) A documentación que acredite o cumprimento da **solvencia técnica** esixida e que foi declarada de xeito responsable:
- Certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario do traballo sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, certificados expedidos por este ou, a falta deste certificado, unha declaración do licitador.
 - En virtude do artigo 63 do TRLCSP, os licitadores que basearon a súa solvencia na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con elas, deberán achegar un certificado emitido polo órgano de dirección da empresa que preste a citada solvencia, acreditativo de tal circunstancia.
- f) A documentación que acredite a efectiva **dispoñibilidade dos medios que se comprometeu** a adscribir á execución do contrato. En todo caso deberá achegar a documentación que se require a continuación como medios de acreditación dos requisitos esixidos na cláusula 13.1.i).

➤ Mínimo de medios humanos

Perfil	1 persoa na dirección artística
Medios de acreditación	Documentación acreditativa dos traballos realizados (certificación das compañías nas que realizaron os traballos ou contrato ou documentación equivalente)

Perfil	1 persoa no equipo técnico
Medios de acreditación	Documentación acreditativa dos traballos realizados (certificación das compañías nas que realizaron os traballos ou contrato ou documentación equivalente)

Perfil	1 persoa no equipo de apoio para a execución de traballos
Medios de acreditación	Documentación acreditativa dos traballos realizados (certificación das compañías nas que realizaron os traballos ou contrato ou documentación equivalente)



Perfil	4 intérpretes
Medios de acreditación	Documentación acreditativa dos traballos realizados (certificación das compañías nas que realizaron os traballos ou contrato ou documentación equivalente)

- g) De ser o caso, a documentación que acredite a **clasificación** esixida ou proposta para acreditar a solvencia técnica e económica esixida, acompañada dunha declaración sobre a súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para a súa obtención.
- h) Resgardo orixinal de ter depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Tesourería da Consellería de Facenda, ou nas súas Xefaturas Territoriais, a **garantía definitiva** polo importe do 5 % (cinco por cento), do orzamento de adxudicación, con exclusión do IVE.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 96 do TRLCSP, cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do RXLCAP, ou mediante garantía global cos requisitos establecidos no artigo 98 do TRLCSP. A garantía definitiva responderá dos conceptos mencionados no art. 100 do TRLCSP.

17.2 ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa.

A adxudicación acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada, e notificarase aos candidatos ou licitadores, nos termos establecidos no artigo 151.4 do TRLCSP.

No prazo máximo de 2 meses desde a apertura de proposicións o órgano de contratación adxudicará o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa, sen prexuízo do establecido no artigo 161.3 do TRLCSP. A licitación non poderá declararse deserta cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios de valoración de ofertas.

De non se ditar a resolución de adxudicación dentro do prazo, os empresarios terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lle devolva ou cancele a garantía que tivesen prestado.

Se un licitador retira a oferta inxustificadamente antes da adxudicación, poderase proceder á reclamación dos danos e perdas que, de selo caso, procedan.



17.3 DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DA GARANTÍA PROVISIONAL

No caso de que se esixa a constitución da garantía provisional, esta será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso será retida ao licitador cuxa proposición fora seleccionada para a adxudicación ata que proceda a constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

A documentación presentada polos licitadores que non sexan adxudicatarios, a excepción da proposición económica, poderá ser retirada polos licitadores transcorridos tres (3) meses contados dende o día seguinte á notificación da adxudicación aos licitadores, e durante o prazo de trinta (30) días naturais, agás que a Administración considere oportuno retela no suposto de que se interpoñan reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa. Transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración disporá da documentación non retirada polos licitadores, quedando exenta de toda responsabilidade sobre esta.

V FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

18 FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato perfeccionarase mediante a súa formalización de acordo co artigo 27 do TRLCSP.

O presente prego, o prego de prescricións técnicas, o proxecto, as bases e demais documentos técnicos e o programa de traballo, revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario, no mesmo acto da formalización do contrato.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

O adxudicatario queda obrigado a subscribir antes do 15º día hábil seguinte á recepción da notificación da adxudicación do contrato o correspondente documento administrativo de formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional, que no seu caso fose esixida, segundo o estipulado no artigo 156.4 do TRLCSP.

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar ante o órgano de contratación a documentación que a continuación se relaciona:



- 1º Orixinal ou copia debidamente autenticada do poder notarial e do DNI da persoa facultada para a sinatura do contrato.
- 2º Inscripción no Rexistro de Terceiros da Comunidade Autónoma de Galicia. Só no caso de non ter contratado en ningunha ocasión coa Xunta de Galicia, ou ben, tendo sido adxudicatario con anterioridade, no caso de ter modificado os datos bancarios ou sociais dende a última contratación.
- 3º No caso das empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante a Administración, no caso da adxudicación do contrato, a constitución da agrupación formalizada en escritura pública nos termos do artigo 59 do TRLCSP, NIF asignado a esta e nomeamento dun representante ou apoderado único con poder bastante para exercer e cumprir as obrigas que se deriven do contrato ata a súa extinción.

VI EXECUCIÓN DO CONTRATO

19 RESPONSABLE DO CONTRATO

O órgano de contratación poderá designar un responsable ao que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa. Será o interlocutor do órgano de contratación co responsable dos traballos designado pola empresa.

O nomeamento do responsable do contrato será comunicado ao contratista no prazo de 15 días a contar dende a data de formalización do contrato e, no seu caso, a súa substitución, en idéntico prazo, dende a data na que se producira.

A designación ou non do responsable do contrato, e o exercicio ou non por este das súas facultades non eximirá ao contratista da correcta execución do obxecto do contrato, salvo que a deficiencia ou incorrección na execución sexa debida a unha orde ou instrución directa do responsable do contrato, con expresa reserva escrita posta de manifesto polo contratista ao responsable do contrato e con remisión de copia polo contratista ao órgano de contratación.

Para o fin de asegurar o cumprimento das obrigas derivadas da execución do contrato, a Administración poderá exercer a facultade de dirección e inspección, logo da comunicación e identificación ante o contratista polos servizos técnicos propios da Administración aos expresamente concertados para o efecto.

A Administración ten a facultade de ser informada de proceso de produción da coreografía de danza tradicional consecuencia do contrato, podendo ordenar ou realizar por se mesma a supervisión dos traballos a realizar e dos materiais a empregar e ditar cantas disposicións estime oportunas para o estrito cumprimento do convido.



20 DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

A empresa contratista, baixo a supervisión do responsable do contrato designado pola Administración, achegará a súa propia dirección e xestión na execución e será responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, nos termos do artigo 305 do TRLCSP.

A empresa contratista garantirá, en particular:

- A cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e as súas correspondentes funcións, ofertadas para a contratación.
- A categoría, formación, experiencia e cualificación profesional do persoal asignado á execución do contrato. Con carácter previo ao inicio do contrato, o contratista comunicará ao órgano de contratación a identificación dos compoñentes do equipo de traballo.
- Serán requisitos ineludibles a reunir polos membros do equipo de traballo os establecidos neste prego.
- Calquera modificación que se propoña na composición dos equipos de traballo deberá ser autorizada previamente polo órgano de contratación.
- Se se comprobase que algún dos membros do equipo non reúne algunha das condicións requiridas, poderase optar, por proposta do responsable do contrato, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades establecidas neste prego.
- Así mesmo, disporá para a execución do contrato da estrutura xerarquizada, cun responsable designado como responsable/supervisor que actuará como interlocutor coa Administración, que se encargará de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo, así como das directrices relativas á súa distribución.

21.PRESCRICIÓNS PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO

21.1 EXECUCIÓN DO CONTRATO E RESPONSABILIDADES DO CONTRATISTA

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización, agás cando fose obxecto de tramitación urxente, en cuxo caso, poderá acordarse o comezo da execución sempre que se constituía a garantía definitiva.



11 MAR 2015

O contrato será a risco e ventura do contratista dentro do prazo establecido, con suxeición ao establecido no seu clausulado, nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, no programa de traballo e consonte ás instrucións que, no seu caso, lle dera o designado polo órgano de contratación como responsable do contrato, no ámbito das súas atribucións. No suposto de que as ditas instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito á maior brevidade posible para que sexan vinculantes para as partes.

Consonte establece o artigo 214 do TRLCSP, o adxudicatario será responsable de indemnizar todos os danos e prexuízos causados a terceiros, tanto por si mesmo como polo seu persoal ou por medios dependentes dese persoal, e que sexan consecuencia da realización das operacións que requira a execución do contrato, agás que os ditos danos ou prexuízos sexan ocasionados coma consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, a cal deberá constar por escrito.

Cando o contratista, ou persoas del dependentes, incorra en actos ou omisións que comprometan a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para acadar ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados.

O contratista non poderá substituír ao persoal facultativo adscrito á realización dos traballos, sen a expresa autorización do responsable do contrato.

O contratista terá a obriga de gardar segredo respecto dos datos ou antecedentes que non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión deste.

En todo o relativo á esixencia dos dereitos e cumprimento das obrigas, incidencia e modificacións contractuais, extinción e liquidación do contrato desenvolverase segundo o disposto na normativa vixente en materia de contratación administrativa.

21.2 OBRIGAS LABORAIS E SOCIAIS

En ningún caso, o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación funcionarial ou laboral entre a Administración e o contratista.

Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da Xunta de Galicia.

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a Administración contratante de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito algún polo



referido persoal en relación coa Administración contratante nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

A empresa adxudicataria comprométese a retribuír axeitadamente ao persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de xeito que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará polo servizo.

E o/a adxudicatario/a queda obrigado/a, respecto do persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o/a adxudicatario/a cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo á Administración contratante.

É responsabilidade da empresa contratista e dos seus encargados impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a administración pública de todo allea a estas relacións laborais. Correspóndelle, así mesmo, á entidade contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licencias horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.

En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convenientemente cuberto.

É responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo, agás aqueles que, se é o caso, se indiquen no prego de prescricións técnicas.

En calquera caso, o contratista indemnizará a Administración de toda cantidade que se vise obrigada a pagar por incumprimento das obrigas aquí consignadas, aínda que iso lle veña imposto por resolución xudicial ou administrativa.

21.3 LICENZAS, AUTORIZACIÓNS E IMPOSTOS

O contratista está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes relacionadas coa actividade por el desenvolvida, en especial, contará coas cesións, permisos, autorizacións necesarias dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes para empregar materiais, subministracións, equipos na execución do obxecto do contrato, correndo pola súa conta o pagamento dos dereitos e



indemnizacións relativas a reclamacións en materia de propiedade industrial e comercial, debendo indemnizar á Administración polos danos e prexuízos que se lle causen por tal concepto. Do mesmo xeito correrán por conta do contratista as contias que a Administración se vexa obrigada a aboar ás entidades de xestión de dereitos de propiedade incorporal.

O contratista estará obrigado a aboar nos prazos voluntarios establecidos o importe dos gastos e exaccións derivados de cantas licenzas, impostos, autorizacións e requirimentos establecidos nas normas que sexan necesario para a execución das prestacións, gastos que serán por conta do contratista dando coñecemento inmediatamente á Administración de ter cumpridos os devanditos trámites.

O importe destas cargas derivadas da execución do servizo forma parte dos gastos asumidos pola oferta económica e conforme a esta estipulación contractual trasládase a obriga de pagamento ao adxudicatario do contrato asinado. O contratista indemnizará a Administración por calquera prexuízo que ocasione o incumprimento da presente cláusula. Se entendese que as liquidacións practicadas non se axustan a Dereito, o contratista quedará lexitimado para interpoñer contra estas os recursos pertinentes, comunicando este extremo á Administración contratante.

21.4 CONTRATOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS

No caso de que esta contratación estivese financiados con fondos europeos, circunstancia que quedará indicada na cláusula 8 "*existencia de crédito*" deste prego, o adxudicatario da contratación estará obrigado a cumprir as obrigas de información e publicidade comunitaria establecidas nos artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro de 2006 e no artigo 1, apartados 1) e 2), do Regulamento (CE) nº 846/2009 da Comisión, de 1 de setembro de 2009.

En especial, de acordo co artigo 9 do Regulamento 1828/2006 da Comisión e do artigo 1.2.a) do Regulamento 846/2009 da Comisión, todas as medidas de información e publicidade incluírán os elementos seguintes:

- O emblema da Unión Europea.
- Referencia ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)
- Proporcionalidade entre emblemas

Este plan pode consultarse na páxina web seguinte:

<http://www.conselleriadefacenda.es/es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-07-13/publicidade-e-informacion-comunitaria-07-13>

21.5 DEBER DE SIXILO

O adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato ou dos que teña coñecemento con ocasión deste, segundo dispón o artigo 112.2 do RXLACP,



sempre que non se contradiga o establecido no artigo 140.2 do TRLCSP. Así mesmo estarase ao disposto neste artigo do TRLCSP con relación á confidencialidade da información obtida durante a execución do contrato.

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o contratista está obrigado a tratar os datos que lle sexan proporcionados para a realización do traballo consonte ás instrucións da Agadic, de xeito tal que non os aplicará ou utilizará cun fin distinto ao que figure no contrato, nin os comunicará ou facilitará por calquera medio a persoas que non estean expresamente autorizadas para o seu coñecemento ou utilización.

Asemade, unha vez cumprida a prestación contractual, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos á Agadic, así como calquera soporte ou documento nos que conste algún dato de tal carácter.

21.6 GASTOS ESIXIBLES AO CONTRATISTA

Serán por conta do contratista os gastos da formalización do contrato, os derivados da obtención de licenzas, autorizacións, documentos ou a calquera información, tanto oficiais como particulares, que se requiran para a realización do servizo contratado.

22. PRAZOS E PENALIDADES POR MORA

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Se chegado o remate de calquera dos prazos citados, o contratista incorrese en demora por causa imputable a este, a Administración poderá optar pola resolución do contrato, con perda da garantía, ou pola imposición de penalidades económicas establecidas no artigo 212 do TRLCSP.

Os importes destas penalidades faranse efectivos mediante a dedución destas na facturación que se produza, ou de ser o caso, da garantía, e sen que a aplicación e pagamento destas exclúa a indemnización á que a Administración poida ter dereito polos danos e perdas ocasionados polo retraso do contratista

A perda da garantía ou os importes das penalidades non exclúen a indemnización de danos ou prexuízos aos que poida ter dereito a Administración, orixinados pola demora do contratista.

Se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista, estarase ao disposto no artigo 213.2 do TRLCSP.



23. CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU INCUMPRIMENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

No caso de que o contratista realizara defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprira o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materias suficientes para iso, a que se refire a cláusula 13.1.i), o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impoñer unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá acadar o 10 por 100 do orzamento do contrato.

Cando o contratista, por causas imputables a el mesmo, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición de penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000,00 euros do prezo do contrato.

24. PREZO DO CONTRATO E RÉXIME DE PAGAMENTO

O empresario terá dereito ao pagamento do prezo que resulte da adxudicación do contrato, no que se inclúe a totalidade dos gastos da realización do servizo obxecto do contrato ata a súa conformidade por parte da Administración, así como todos os impostos, dereitos e taxas.

Nesta contratación efectuaranse tres (3) pagamentos parciais, que se corresponderán cos traballos de cada unha fases de execución do contrato que se indican a continuación, contra a factura expedida pola empresa e logo do certificado de conformidade cos traballos facturados emitido polo órgano competente:

- Realizarase un pagamento parcial, do 70% do orzamento do 2015 (21.000,00 €), ao finalizar a **1ª fase**, que se corresponde coa entrega ao órgano de contratación da programación completa e integrada de todas as actividades que se van desenvolver (programación da produción, contratación de intérpretes e programación da estrea e da xira prevista para o ano 2015). Todas estas actividades programadas e os espazos seleccionados para levar a cabo o seu desenvolvemento deberán contar coa aprobación previa da Coordinadora de Producción Coreográfica da Agadic. Establécese un prazo máximo para a súa entrega dun mes que comezará a contar desde a sinatura do contrato.
- Realizarase un pagamento parcial, do 30%, do orzamento do 2015 (9.000,00 €), ao finalizar a **2ª fase**, que se corresponde cos traballos de desenvolvemento da estrea, de acordo co establecido na programación da produción. Establécese un prazo máximo para a execución desta actividade de catro meses desde a sinatura do contrato.
- Realizarase un pagamento final, do 100 % do orzamento do 2016 (20.000,00 €), ao finalizar a **3º fase**, é dicir, unha vez realizadas e certificadas e informadas as funcións mínimas esixidas e trala entrega dunha memoria global do espectáculo



que contemple o proceso de creación, a súa produción, estrea e xira con dossier de prensa e fotográfico do espectáculo. O prazo máximo para entregar esta documentación xustificativa remata o día 15 de decembro de 2016.

A Administración terá a obriga de abonar o prezo dentro do prazo que se estima no artigo 216.4 do TRLCSP, coas consideracións que recolle a disposición transitoria sexta da dita disposición.

No caso de demora pola Administración no pagamento do prezo estarase ao establecido no artigo 216.4 do TRLCSP.

As entidades obrigadas ao uso da factura electrónica en virtude do artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público teñen a obriga de presentar a factura a través do Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF), regulado na Orde do 12.2.2010 (DOG núm. 31, do 16 de febreiro de 2010).

Os contratistas non incluídos no artigo 4 da Lei 25/2013 presentarán a factura, preferentemente, en formato electrónico a través do Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF) e, no seu defecto, no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia no Edificio Administrativo de San Caetano.


O acceso ao SEF e á súa información será a través das seguintes URL:
<http://www.conselleriadefacenda.es/factura> ou
<http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>.

O adxudicatario poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar os traballos no prazo ou prazos contractuais, agás que existisen razóns para estimalo inconveniente, sen embargo, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe do executado, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que a dita cesión xurda efectos, e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique a esta última, de xeito fidedigno, o acordo de cesión (art. 218 do TRLCSP).

Para os efectos do pago, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos 30 días seguintes á data de expedición dos documentos que acrediten a conformidade dos traballos realizados e de acordo co réxime de pagamentos establecidos neste prego, segundo se establece no artigo 216 do TRLCSP, coas consideracións que recolle a súa disposición transitoria sexta. Para estes efectos a Consellería de Facenda é o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, en virtude do disposto na lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Nos supostos nos que a Administración se demore no pago estarase ao disposto no



artigo 216 do TRLCSP. A Administración deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do prazo fixado no dito artigo, os intereses de demora e a indemnización polos custos do cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas contra a morosidade nas operacións comerciais.

Para que teña lugar o comezo do cómputo de prazo para o devengo dos intereses, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de 30 días dende a data da entrega efectiva da prestación do servizo. En todo caso, se o contratista incumprira o prazo para presentar a factura ante o rexistro administrativo, o devengo de intereses non se iniciará ata transcorridos 30 días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobe a conformidade, se procede, e efectúe o correspondente abono.

25. PROPIEDAD E EXPLOTACIÓN DOS TRABALLOS

O contratista cédelle en exclusiva á Administración contratante a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, agás os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial, sobre a totalidade das creacións resultado deste contrato.

A cesión abrangue todas as modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación, gravacións e reproducións audiovisuais, informáticas, etc; todo isto incluíndose calquera forma ou soporte legalmente admitido. Para tal efecto, o contratista terá que entregarlle ao órgano de contratación, en perfecto estado para o uso ao que se destinan, os soportes orixinais que conteñan as creacións que resulten do contrato, incluíndo todos os datos, cálculos, procesos e procedementos empregados durante a elaboración dos traballos.


A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e uso destes.

A cesión destes dereitos á administración contratante non ten limitación ningunha en canto ao ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que desta derive.

O prezo pola cesión destes dereitos atópase comprendido no da licitación, non estando obrigada a Administración contratante a aboar ningunha cantidade suplementaria pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato.

Será responsabilidade do contratista a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor así como o seu pagamento, así como tamén de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, incluíndose os dereitos de xestión colectiva obrigatoria.

VII CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN



26. CESIÓN

O adxudicatario non poderá ceder o contrato.

27. SUBCONTRATACIÓN

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación, de acordo coas condicións e requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP, entre as que se encontra a obriga de comunicarlle anticipadamente e por escrito á Administración a intención de celebrar os subcontratos, con indicación da parte da prestación da prestación que se pretende subcontratar e a identidade do subcontratista, e xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia a os elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, se ben no caso de que o subcontratista tivera a clasificación axeitada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia eximirá ao contratista da necesidade de xustificar a aptitude daquel.

As prestacións parciais subcontratadas non poderán exceder do 50% do importe da adxudicación.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal, quen asumirá a total responsabilidade na execución do contrato fronte á Administración con suxeición estrita ás cláusulas do presente.

VIII MODIFICACIÓN DO CONTRATO

28. MODIFICACIÓN

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar por razóns de interese público o contrato, con suxeición ao disposto nos artigos 210 e 219 do TRLCSP.

De conformidade co establecido no artigo 219 do TRLCSP os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma prevista no Título V do Libro I, e de acordo co procedemento regulado no artigo 211 do TRLCSP.

En particular, considerarase que concorren motivos de interese público para as modificacións do contrato que se realicen cuxa finalidade sexa o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Neste caso, as devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.



28.1. Modificacións previstas

De acordo co disposto no artigo 106 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de insuficiencia orzamentaria sobrevida e persistente para o financiamento dos servizos públicos correspondentes.

Entenderase que a insuficiencia orzamentaria é persistente se se produce durante dous trimestres consecutivos.

A insuficiencia orzamentaria considerarase sobrevida cando:

- Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
- Adóptense medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- Adóptense medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

O procedemento que se aplicará para estas modificacións será o previsto no artigo 211 TRLCSP, para o cal deberá darse audiencia ao contratista.

Naqueles supostos en que a modificación esixida excedese o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

Obxecto das modificacións:

a) Modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas

As modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas serán efectuadas na porcentaxe que veña esixida polas circunstancias antes expresadas e cun límite máximo do 20% do presuposto do contrato.

As modificacións poderán afectar a unha redución das prestacións correspondentes á 3ª fase (desenvolvemento das representacións programadas dese a estrea ata o 30 de novembro de 2016), que se establecen na cláusula 3 do prego de prescricións técnicas.



19 JUN. 2016

A redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecte a ecuación financeira do contrato orixinario, sen alterar o seu equilibrio económico, atendendo aos prezos unitarios das unidades nas que se descompoña a prestación, ou, de non existir estes, atendendo á porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total.

b) Modificacións que teñan por obxecto a ampliación do prazo de execución do contrato

Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a que se tivese establecido unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un reaxuste de anualidades.

O programa de traballo, se é o caso, revisarase para adaptalo aos novos importes anuais, debendo ser aprobado polo órgano de contratación o novo programa de traballo resultante.

O reaxuste de anualidades só será realizado na medida que veña esixida polo mantemento do seu financiamento orzamentario.

O límite máximo de ampliación será o do dobre do prazo de execución previsto inicialmente sempre que non supere os límites legalmente permitidos para a duración do contrato.

28.2. Modificacións non previstas

En particular, considerarase que concorren motivos de interese público para as modificacións do contrato en casos non previstos de acordo co número 28.1 desta cláusula que se realicen de acordo co artigo 107 do TRLCSP e cuxa finalidade sexa o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.


Naqueles supostos en que os principios indicados fixesen necesario que a prestación se executase en forma distinta á pactada inicialmente e a modificación esixida excedese os límites previstos na lexislación de contratos do sector público para o exercicio desta potestade, o contrato poderá resolverse para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

29. SUSPENSIÓN DO CONTRATO

Se a Administración acordara a suspensión do contrato ou tal suspensión tivese lugar por aplicación do disposto no artigo 216.5 do TRLCSP, estenderase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivan e a situación de feito na execución do contrato coas consecuencias sinaladas nos artigos 216 e 220 do TRLCSP e 103 do RXLCAP, en todo o que non se opoña ao establecido no TRLCSP.



Logo de acordar a suspensión, a Administración pagará ao contratista, no seu caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán de acordo co disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 309 do TRLCSP.



IX EXTINCIÓN DO CONTRATO

30. CUMPRIMENTO E RECEPCIÓN

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos termos deste e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación.

Se o obxecto do contrato non se realiza conforme as estipulacións pactadas, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se pese a iso, a prestación efectuada non se adecúa ao contratado, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obriga de pagamento, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación ao cumprimento da prestación contratada.

31. RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do contrato as sinaladas no artigo 223 do TRLCSP e polas especificamente indicadas para o contrato de servizos no artigo 308 da citada norma.

Así mesmo, ao abeiro do establecido no artigo 223.h) do TRLCSP, consideraranse causas especiais de resolución do contrato:

- O incumprimento por parte do contratista da obriga de gardar sigilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do dito contrato.
- O abandono por parte do contratista da execución das prestacións obxecto do presente contrato. Entenderase producido o abandono cando a prestación deixara de desenvolverse, non se desenvolva coa regularidade adecuada ou cos medios humanos e materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se dea este suposto, a Administración, antes de declarar a resolución, requirirá ao contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días hábiles que se contarán desde o requirimento.
- As reiteradas deficiencias na execución do contrato.
- A vulneración polo adxudicatario das obrigas e limitacións que o presente prego lle impón en materia de cesión e subcontratación.



- A realización polo contratista de actuacións que impliquen a modificación do contrato, sen autorización previa da Administración contratante, aínda cando estas se realizasen baixo as instrucións da dirección facultativa.
- A reiterada obstrución ou falta de colaboración por parte do contratista para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas á Administración no presente prego, previamente advertidas por escrito.
- O incumprimento do compromiso de adscribir á execución do contrato os medios mínimos de equipos técnicos e materiais, así como os medios auxiliares e humanos ofertados; todo iso en número e grao preciso para a realización do contrato a satisfacción e nos mesmos termos en que se tivesen ofertado. A falsidade nas titulacións e no nivel de coñecementos técnicos do persoal ofertado, deducida do contraste entre a oferta técnica e os coñecementos reais demostrados na execución dos traballos.

11 JUL 2015
 17945

32. PRAZO DE GARANTÍA E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

32.1 Prazo de garantía

Ao abeiro do disposto no artigo 222.3 do TRLCSP non se establece prazo de garantía en razón da natureza e características das prestacións obxecto do presente contrato, sendo constatable a correcta execución do contrato no mesmo momento da súa entrega. Realizado o servizo e certificado de conformidade pola Agadic de que foi realizado conforme se especifica no prego de prescricións técnicas, xa se pode garantir a súa adecuación ao obxecto contractual e a súa calidade técnica.

32.2 Devolución ou cancelación da garantía definitiva

Concluída a vixencia do contrato, e cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que teñan que exercitarse sobre a garantía definitiva, dítarase acordo de devolución ou cancelación desta.

32. CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

Consultas sobre o prego de prescricións técnicas:
Departamento de Producción Coreográfica
Tfno: 981 13 49 46
Consultas sobre o prego de cláusulas administrativas:




Departamento de Xestión

Tfno: 881 99 60 96

Fax: 981 99 60 80

e-mail: xestion.agadic@xunta.es



ANEXOS AO PRESENTE PREGO

Anexo I. Modelo de presentación do licitador

Anexo II. Modelo de declaración responsable

Anexo III. Modelo de declaración responsable de cumprir os requisitos de solvencia/clasificación

Anexo IV. Modelo de declaración de compromiso de adscrición de medios

Anexo V. Modelo de proposición económica

Anexo VI. Modelo de designación como confidencial de informacións facilitadas polo licitador

Anexo VII. Modelo de autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma de Galicia e as obrigas coa Seguridade Social

Anexo VIII Modelo de declaración responsable de constitución de UTE



De conformidade co establecido no artigo 115 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, despois de que fose informado favorablemente pola Asesoría Xurídica de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con data 17/9/15

O órgano de contratación acorda

Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que se xunta para a contratación, polo procedemento negociado sen publicidade, do **CONTRATO PRIVADO DE COPRODUCCIÓN DUN ESPECTÁCULO DE DANZA TRADICIONAL GALEGA.**

Santiago de Compostela,


23 XUN. 2015

Jacobo Antón Nosta
 Director da Agadic



Coñecido e aceptado na súa totalidade

O contratista,



Anexo I

PRESENTACIÓN DO LICITADOR

1. Don/Dona:
 en nome propio ou en representación da empresa:
 manifesta a súa vontade de participar no procedemento de licitación convocado para a execución do contrato de, polo importe sinalado na oferta económica formulada como anexo V.

2. Datos da empresa:
 Nome e apelidos do representante ou do licitador persoa física:
 Enderezo con código postal:
 Teléfono:
 Fax:
 Enderezo electrónico:
 Inscrición da empresa no rexistro de contratistas (se é o caso):

3. A empresa, comprométese a achegar documentación ou, se é o caso, facilitar canta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

(Lugar, data, sinatura e selo da empresa)

, de de


Nome Apelido1 Apelido2
 Nome Apelido1 Apelido2

(So no caso de sinatura mancomunada)



Anexo II
DECLARACIÓN RESPONSABLE

Denominación do expediente	(Descrición completa do contrato)
----------------------------	-----------------------------------



	NOME	APELIDOS	
Don/Dona	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
			NOME
con NIF/pasaporte/NIE núm.	<input type="text"/>	e no caso de sinatura mancomunada Don/Dona	<input type="text"/>
	APELIDOS		
	<input type="text"/>	con NIF/pasaporte/NIE	núm. <input type="text"/>
	, en nome		
	propio ou en representación da empresa	<input type="text"/>	
	con NIF núm.	<input type="text"/>	

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE

- Coñezo o prego de cláusulas administrativas, o de prescricións técnicas e os anexos coas condicións técnicas que lle serven de base á convocatoria deste contrato, e que os acepto incondicionalmente na totalidade do seu contido.
- O licitador cumpre as condicións que establece legalmente no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) para contratar coa Xunta de Galicia e que ostenta plena capacidade xurídica e de obrar.
- O licitador conta con personalidade xurídica propia.
- A persoa que asina a proposta ten poder abondo para representar á empresa ou entidade neste procedemento de contratación.
- Nin quen asina a declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes atópanse incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Non forma parte dos órganos de goberno ou de administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nela.
- Nin quen asina a declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se



refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto de estes últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal).

- A entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.

17945
 VISADO

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

- A entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

- A entidade non se atopa dada de baixa no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato ou na matrícula correspondente, e no seu caso:

- Está exenta de pagamento
- Está ao corrente no pagamento

- A entidade está inscrita no rexistro de licitadores que a continuación se indica (marque o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

- Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (núm. [])*
- Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (núm. [])*

- En relación co establecido no artigo 145.4 do texto refundido da Lei de contratos do sector público e no artigo 86 do regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

- Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos que establece o artigo 42 do Código de Comercio.


- Pertence ao [] ou está integrada por algún socio no que conorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

a)		f)	
b)		g)	
c)		h)	
d)		i)	
e)		j)	

- Coñezo na súa totalidade o contido e o alcance do Código ético institucional aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e publicado no DOG núm. 179, do 19.09.2014, que marca o criterio institucional da Xunta de Galicia nesta materia e que é de obrigado cumprimento para a totalidade dos altos cargos e o restante persoal do sector público autonómico.

- AUTORIZO ao órgano de contratación a recompilar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.



11 XIM 2015

 179/15


COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se realicen no correo electrónico

(Lugar, data, sinatura e selo da empresa)

, de de

Nome Apellido1 Apellido2 Nome Apellido1 Apellido2

(So no caso de sinatura mancomunada)



Anexo III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIR OS REQUISITOS DE SOLVENCIA/CLASIFICACION

Denominación do expediente

Don/Dona **NOME** **APELIDOS**

con NIF/pasaporte/NIE núm. , e no caso de sinatura mancomunada Don/Dona **NOME**

APELIDOS con NIF/pasaporte/NIE núm. , en nome

propio ou en representación da empresa

con NIF núm.

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE

- O licitador cumpre con algunha das seguintes condicións, establecidas cláusula 12.1.g) deste prego, como requisito de solvencia económica:
 - Posúe un seguro de indemnización por riscos profesionais por un capital equivalente ou superior ao orzamento base de licitación do contrato.
 - O volume global de negocios referido ao conxunto dos tres últimos exercicios dispoñibles é igual ou superior ao orzamento base de licitación do contrato.
 - Unha entidade financeira pronúnciase de forma expresa sobre a solvencia económica da empresa para a realización do obxecto contractual.
- O licitador cumpre coas condicións establecidas cláusula 12.1.h) deste prego como requisito de solvencia técnica e profesional

Traballo executado nos 3 últimos anos			
Denominación e obxecto concreto	Importe	Data de inicio/remate da execución (día/mes/ano)	Beneficiario


- o caso de que a miña oferta resulte a economicamente máis vantaxosa, presentarei ante o órgano de contratación, previo á adxudicación do contrato, os documentos esixidos para acreditar a solvencia/clasificación aos que fai referencia a cláusula 15.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

(Lugar, data, sinatura e selo da empresa)

de de

Nome Apellido1 Apellido2 Nome Apellido1 Apellido2

So no caso de sinatura mancomunada



Anexo IV
DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS

Denominación do expediente

Don/Dona NOME APELIDOS

con NIF/pasaporte/NIE núm. , e no caso de sinatura mancomunada Don/Dona NOME

APELIDOS con NIF/pasaporte/NIE núm. , en nome

propio ou en representación da empresa

con NIF núm.

De acordo co artigo 64 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP),

DECLARO

Que a empresa se compromete a adscribir á execución do contrato os medios materiais e/ou persoais suficientes para iso, na forma e condicións determinadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e/ou de prescricións técnicas.

En concreto, a empresa comprométese a adscribir os medios sinalados a continuación fixados polo órgano de contratación como medios mínimos necesarios:

Medios humanos (incluír unicamente os esixidos como medios mínimos na cláusula 13.1.i) do prego de cláusulas administrativas)			
(Categoría/perfil) ¹	(Nome)	Medio propio	
(Titulación/especialidade)		Medio alleo	
Datos dos requisitos esixidos			
1			


(Lugar, data, sinatura e selo da empresa)

, de de

Nome Apellido1 Apellido2

Nome Apellido1 Apellido2

(So no caso de sinatura mancomunada)



Anexo V
PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Denominación do expediente

Don/Dona NOME APELIDOS

con NIF/pasaporte/NIE núm. , e no caso de sinatura mancomunada Don/Dona NOME

APELIDOS con NIF/pasaporte/NIE núm. , en nome propio ou en representación da empresa

con NIF núm. logo de ver a licitación en (Diario oficial, plataforma de contratación, invitación...) o día

DECLARO QUE:

1 Coñezo o prego de cláusulas administrativas e os anexos coas condicións técnicas que lle serven de base á convocatoria do citado contrato, e que os acepto incondicionalmente na totalidade do seu contido.

2 A empresa reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e comprométo-me en nome de (*propio ou da empresa que represento*), a executar a prestación á que lícito, con estrita suxeición aos expresados requisitos e condicións, de acordo coa seguinte oferta:

Prezo euros	sen	IVE	(en	letra	e	número)
IVE %			(indicar			porcentaxe)
(importe euros	en		letra	e		número)
Total euros			prezo			contrato

3 O prazo total de execución (expresado en anos, meses, semanas ou días naturais segundo proceda) é

4 Me comprometo ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en:


- Materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo
- E de protección de datos de carácter persoal.

(Lugar, data, sinatura e selo da empresa)

, de de

Nome Apelido1 Apelido2 Nome Apelido1 Apelido2

(So no caso de sinatura mancomunada)



Anexo VI

DESIGNACIÓN COMO CONFIDENCIAL DE INFORMACIÓN FACILITADAS POLO LICITADOR

Denominación do expediente

Don/Dona **NOME** **APELIDOS**

con NIF/pasaporte/NIE núm. , e no caso de sinatura mancomunada Don/Dona **NOME**

APELIDOS con NIF/pasaporte/NIE núm. , en nome

propio ou en representación da empresa

con NIF núm.

En virtude do artigo 140.1 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP),

DESIGNO

Como información confidencial por razón da súa vinculación co segredo técnico ou comercial, a seguinte documentación:


Sobre	Documentación considerada confidencial

(Lugar, data, sinatura e selo da empresa)

, de de

Nome Apelido1 Apelido2 Nome Apelido1 Apelido2

(So no caso de sinatura mancomunada)



Anexo VII

**AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA A OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO,
 COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E AS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL**

Denominación do expediente

Don/Dona NOME APELIDOS

con NIF/pasaporte/NIE núm. , e no caso de sinatura mancomunada Don/Dona NOME

APELIDOS con NIF/pasaporte/NIE núm. , en nome

propio ou en representación da empresa

con NIF núm.

AUTORIZA


Á Agadic a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado así como coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, deste procedemento de contratación, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, do 12 de decembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, e a disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

(Lugar, data, sinatura e selo da empresa)

, de de

Nome Apelido1 Apelido2 Nome Apelido1 Apelido2

(So no caso de sinatura mancomunada)



Anexo VIII
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONSTITUCIÓN DE UTE

D./Dna..... con D.N.I.- nº
, actuando en nome propio / nome e representación da empresa

D./Dna..... con D.N.I.- nº
, actuando en nome propio / nome e representación da empresa

e

D./Dna..... con D.N.I.- nº
, actuando en nome propio / nome e representación da empresa

manifestan o seguinte:

1. A súa vontade de constituír unha Unión Temporal de Empresas (UTE) comprometéndose, en caso de resultar adxudicatarios do contrato cuxo obxecto é a produción e representación dun espectáculo de danza tradicional galega, en coprodución coa Agadic, a través do Centro Coreográfico Galego, a formalizar a constitución da devandita UTE en escritura pública.
2. Que a participación que cada empresa ostentará na Unión Temporal de Empresas será a seguinte (expresada en porcentaxe):

.....

3. - Que, para os efectos mencionados, designan como representante único da devandita Unión Temporal de Empresas a D./Dna....., con DNI número
4. - Que igualmente designan como domicilio único e válido para as notificacións que lles curse a administración o seguinte:

C/ Nº piso/porta
 Código postal Localidade Provincia

En a de de 2014

(sinatura dos representantes legais de todos os integrantes da UTE)